


CONTRA A  
VIOLENCIA




Concello de Lugo

25N  
LUGO  
EN NEGRO

colaboración:



25 DE NOVEMBRO  
**CONTRA A VIOLENCIA  
DE XÉNERO**  
*Non te deixes atrapar*



Dende a Concellería de Benestar Social, Igualdade e Inclusión, a través da Casa da Muller, puxemos en marcha a campaña “Lugo en negro contra a violencia”. Quixemos vestir de loito a nosa cidade en sinal de dor por todas as mulleres que sufren violencia e como resposta á más duras súas consecuencias: a morte. Porque consideramos que as tendas, comercios, empresas, bares, postos dos mercados... teñen o protagonismo das rúas de Lugo, e son o grande escaparate que lle pode transmitir á cidadanía a mensaxe de denuncia e solidariedade: queremos Lugo libre de violencia!

A campaña “Lugo en negro contra a violencia” lévase a cabo entre os días 18 e 28 de novembro, e consiste en vestir as tendas, os manequíns, os bares, as e os camareiras/os... de negro, para o que a Casa da Muller facilitou camisetas (para manequíns e/ou dependentes), mandís (para camareiras/os e postos do mercado), displays (para os escaparates), lonas (para o Concello e actividades deportivas), etc.

Patrocina:



# PROGRAMA

## MÉRCORES, DÍA 23 DE NOVEMBRO

**11:30 horas:** “En camiño contra a violencia”. Un camiño de pegadas negras percorrerán as rúas de Lugo para manifestar a repulsa contra a violencia de xénero. O acto comezará no Pazo de San Marcos cunha posta en escena que integrará fotografía, danza e música en directo; as pegadas continuarán ata o Concello, onde a través da proxección de diferentes escenas de películas se intentará amosar a violencia encuberta. O camiño atravesará a praza Maior e a praza de Santa María ata chegar á Porta de Santiago, onde unha representación escénica lembrará a importancia de denunciar os actos violentos.

## VENRES, DÍA 25 DE NOVEMBRO

**11:00 horas:** no salón de plenos do Concello, na praza Maior, presentación do libro “As miñas fillas devolvéronme a vida (unha historia real)”, escrito por Inés Fernández Lamela

**11:30 horas:** no salón de plenos do Concello, na praza Maior, entrega dos premios dos concursos de deseño gráfico “Contra a violencia de xénero” e de fotografía “Revelando o machismo”.

**12:00 horas:** ofrenda floral como homenaxe ás mulleres vítimas da violencia. Concentración ante a árbore da vida na praza de Santo Domingo, con lectura dun manifesto en contra da violencia de xénero e actuación de Ruth León, acompañada de David Taboada e Adrián Vigo.

**13:00 horas:** en colaboración con distintas asociacións, clubs deportivos e centros educativos da nosa cidade, rodearemos a Muralla de negro, coa posterior solta de globos en cada unha das dez portas da Muralla.

**17:00 horas:** na praza Maior, diante da Casa do Concello, a Fundación Juan Soñador levará a cabo a realización dun mural de expresión artística colectiva e dun photocall con mensaxes a favor da igualdade: as persoas participantes recibirán un bulbo de tulipán coa mensaxe “Sementando igualdade”.